

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO DÍA 16 DE ABRIL DE 2024**

Na Casa Consistorial de Sobrado, sendo as trece horas e vinte e dous minutos do día de referencia, previamente convocados, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as sres/as Concelleiros/as que compoñen a Corporación Municipal deste Concello, ao obxecto de celebrar sesión ordinaria do pleno baixo a presidencia do Alcalde, coas seguintes asistencias:

### **ASISTENTES:**

#### Presidente:

Luís Lisardo Santos Ares (PSdeG-PSOE)

#### Concelleiros:

Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE).  
Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE).  
Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE).  
Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE)  
José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).  
Jose Luis Rodríguez Ares (PSdeG-PSOE).  
Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto).

#### Non asiste:

Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE)

Secretaría:

Alejandra D. Fandiño Sánchez

**ORDE DO DÍA:**

**1. - APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 07.02.2024.**

De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, pola Presidencia preguntáselles aos Sres. Concelleiros asistentes se teñen algo que obxectar respecto da redacción da acta da sesión ordinaria do 7 de febreiro de 2024.

Acto seguido a Presidencia somete a votación este punto da Orde do día, acadando o resultado seguinte:

Votos a favor (7: ): Luis Lisardo Santos Ares, , Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE),. (PSdeG-PSOE). ,Jose Luis Rodríguez Ares(PSdeG-PSOE), Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE) e José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

Votos en contra (0) :

Abstencións:(1): Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto)

Polo que quedan aprobado o borrador da acta da acta da sesión ordinaria de 7 de febreiro de 2024.

**2. -APROBACIÓN DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 2.2024.**

Dáse lectura á proposta da alcaldía que transcrita literalmente di:

*“EXPEDIENTE: 2024/X999/000043*

*ASUNTO: RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 2/2024*

*PROPOSTA ALCALDÍA*

*Vista a existencia dunhas obrigas económicas pendentes de pago e cuxo importe ascende a **14.861,74€**:*

<b>RAZÓN SOCIAL</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>Nº FACTURA</b>	<b>DATA EXPEDIC.</b>	<b>DATA REXISTRO</b>	<b>APLICACIÓN ORZAMENT.</b>	<b>IMPORTE</b>
CONSTRUCCIONES MONTERROSO VARELA S.L.	TRABAJOS REALIZADOS DE APERTURA DE PISTA Y AFIRMADO EN PISTA DE RANDE. ML DE TAJEAS DE 3,15 / UD DE ARQUETAS DE EMBOCADU	23A -64	30/11/2023	28/12/2023	454.61900	14.619,76
NOVAS Y MAR ESPECIALIDADES SLU	JAMON ASADO C/H AHUMADO NAVIDUL /	N23 17221	30/11/2023	07/03/2024	338.22699	241,98

	JAMON ASADO C/H AHUMADO NAVIDUL					
--	------------------------------------	--	--	--	--	--

*Visto que quedou acreditado que as obrigación económicas pendentes se considera indebidamente adquiridas por concorrer algún/vos de os supostos que recolle o Tribunal de Contas na súa clasificación de obrigación indebidamente adquiridas.*

*Visto o informe de de secretaría -intervención de data 08.04.2024.*

*Á vista dos seguintes antecedentes,*

*Esta alcaldía, propón ao Pleno a adopción do seguinte*

### **ACORDO**

**PRIMEIRO.** *Aprobar o recoñecemento extraxudicial dos créditos seguintes, correspondentes ao exercicio 2023 e aplicar, con cargo ao Orzamento prorrogado do exercicio 2024 os correspondentes créditos, con cargo ás aplicacións orzamentarias sinaladas pola cantidade de 14.861,74 € por considerar que existen razóns de interese público que aconsellan non acudir á vía da revisión de oficio polos graves prexuízos que iso podería ocasionar para os administrados e para os terceiros que actúan de boa fe e por tratarse de servizos, obras e suministros efectivamente prestados e que foron conformados pola alcaldía:*

<b>RAZÓN SOCIAL</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>Nº FACTURA</b>	<b>DATA EXPEDIC.</b>	<b>DATA REXISTRO</b>	<b>APLICACIÓ N ORZAMEN T.</b>	<b>IMPORTE</b>

CONSTRUCCIONES MONTERROSO VARELA S.L.	TRABAJOS REALIZADOS DE APERTURA DE PISTA Y AFIRMADO EN PISTA DE RANDE. ML DE TAJEAS DE 3,15 / UD DE ARQUETAS DE EMBOCADU	23A -64	30/11/2023	28/12/2023	454.61900	14.619,76
NOVAS Y MAR ESPECIALIDADES SLU	JAMON ASADO C/H AHUMADO NAVIDUL / JAMON ASADO C/H AHUMADO NAVIDUL	N23 17221	30/11/2023	07/03/2024	338.22699	241,98

Non se producen intervencións e procédese a votación da proposta de alcaldía, en votación ordinaria, co seguinte resultado:

Votos a favor (7: ): Luis Lisardo Santos Ares, , Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), (PSdeG-PSOE). , Jose Luis Rodríguez Ares(PSdeG-PSOE), Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE) e José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

Abstencións:(1): Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto)

Votos en contra (0)

Polo que queda aprobada a proposta da alcaldía nos seus propios termos

**3.-RATIFICACIÓN DE DECRETO DE ALCALDÍA Nº82/2024 DE 04.03.2024 DE MODIFICACIÓN DO TÍTULO DO PROXECTO DE “INSTALACIÓN DE CUBERTA DE PISTA DE PÁDEL “ POR “ INSTALACIÓN DE CUBERTA EN PISTA DE PÁDEL NA RÚA SANTIAGO DO CAMPO”, INCLUÍDA NO POS + 2024.**

Dase conta da resolución de alcaldía nº 82/2024 de 04.03.2024 do seguinte teor literal para a súa ratificación polo pleno:

*“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA*

*ASUNTO: INSTALACIÓN DE CUBERTA EN PISTA DE PÁDEL NA RÚA SANTIAGO DO CAMPO - PORTA*

*EXPEDIENTE ORIXE: 2024/A007/000002*

*EXPEDIENTE DECRETO: 2024/G003/000087*

*Con data 9.02.2024 o Concello de Sobrado, presentou telemáticamente na Deputación da Coruña, solicitude para o financiamento da obra INSTALACION DE CUBERTA EN PISTA DE PADEL dentro do Plan de Obras e Servizos (Plan único de concellos) POS+ 2024. Anualidade 2024.*

*Con data 28.02.2024, recíbese comunicación do Servizo de Xestión de Plans, para que se complete a denominación da obra, cun lugar ou nome propio da zona onde esté ubicada a pista de pádel.*

*No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local vixente,*

**RESOLVO:**

**Primeiro:** *Modificar o título do proxecto denominado "INSTALACION DE CUBERTA EN PISTA DE PADEL" polo de "INSTALACIÓN DE CUBERTA EN PISTA DE PADEL NA RÚA SANTIAGO DO CAMPO".*

**Segundo:** *Comunicar ao Servizo de Xestión de Plans da Deputación da Coruña o cambio indicado no punto primeiro desta resolución.*

**Terceiro:** *Dar conta ao pleno na vindeira sesión que se celebre para a súa ratificación."*

Non se producen intervencións e procédese a votación da proposta de alcaldía, en votación ordinaria, co seguinte resultado:

Votos a favor (7: ): Luis Lisardo Santos Ares, , Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), (. (PSdeG-PSOE). , Jose Luis Rodríguez Ares(PSdeG-PSOE), Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE) e José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

Abstencións:(1):

Votos en contra (0): Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto)

Polo que queda ratificado o decreto de alcaldía.

## **CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN**

### **4.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA 25/2024 a104/2024**

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dase conta aos concelleiros das resolucións da alcaldía da nº 25/2024 a 104/2024.

### **5.-DAR CONTA DA APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO EXERCICIO 2023.**

Dase conta da aprobación da liquidación do exercicio 2023 por resolución de alcaldía nº 34 de 02/02/2024.

A Corporación dase por enterada.

### **6. DAR CONTA DO INFORME DE SECRETARÍA INTERVENCIÓN SOBRE OS REPAROS E OMISIÓNS DA FUNCIÓN INTERVENTORA DO EXERCICIO 2023 EN CUMPRIMENTO DO ESTABLECIDO NO ARTIGO 218.1 DO RD LEXISLATIVO 2/2014, DE 5 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS.**

Dase conta do informe de secretaría -intervención de data 22/03/2024 de reparos de legalidade , omisións da función de fiscalización e principais anomalías detectadas en materia de ingresos de 2023.



A Corporación dase por enterada.

### **7. .- DAR CONTA DO INFORME DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN SOBRE O CONTROL INTERNO DE 2023.**

Dase conta do informe de secretaría-intervención de data 22.03.2024 de control interno do ano 2023.

A Corporación dase por enterada.

### **8.- DAR CONTA DO INFORME DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DE AUDITORÍA DO REXISTRO CONTABLE DE FACTURAS DE 2023.**

Dase conta do informe de secretaría-intervención de data 19.03.2024 de auditoría do rexistro contable de facturas de 2023.

A Corporación dase por enterada.

### **9.- MOCIÓNS DE URXENCIA**

O sr. alcalde , en virtude do establecido no artigo 91.4 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta se algún grupo municipal desexa someter á consideración do Pleno , por razón de urxencia, algún asunto non incluído na orde do día e que non teña cabida no turno de rogos e preguntas.

Non se plantexa ningunha moción

### **10.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 13:45 horas, o Alcalde levanta a sesión, do que eu, como secretaria, dou Fe.

*DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE*